

papeles de filosofía

SEPARATA

**AGORA
veOBV**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

BELTRÁN, Elena y SÁNCHEZ, Cristina (eds.), *Las ciudadanas y lo político*, Madrid, Instituto Universitario de la Mujer, Universidad Autónoma de Madrid, 1996.

CASTELLS, Carme (comp.), *Perspectivas feministas en teoría política*, Barcelona, Paidós, 1996.

A teoría feminista desde hai varias décadas ven adicando grande parte do seu esforzo teórico a aquelas cuestións que máis propiamente caen no campo da Filosofía Política, tanto no ámbito europeo como no anglo-americano. Estes dous libros recollen algunhas das intervencións más interesantes que se teñen producido nos últimos anos no seo do pensamento político feminista. Os dous libros responden a criterios de partida diferentes. *Las ciudadanas y lo político* é o resultado dun ciclo de conferencias desenvolvidas no ano 1995 e organizado polo Instituto de Estudios de la Mujer da Universidad Autónoma de Madrid. Nes al autoras, —Chantal Mouffe, «Feminismo, ciudadanía y política democrática radical»; Seyla Benhabib, «Desde las políticas de la identidad al feminismo social: un alegato para los noventa»; Amelia Valcárcel, «Las mujeres dentro de la vida política» e Barbara Hobson, «Identidades de género. Recursos de poder y Estado de bienestar»— abordan, basicamente, o tema da ciudadanía e o xénero desde cadansúa propia posición, amosando o que semella máis relevante sobre esta cuestión así como tamén outros problemas relacionados e de importancia na teoría e práctica política feminista. A súa vez, *Perspectivas feministas en teoría política* é unha compilación dalgunhas das principais «aportaciones teóricas a la teoría y filosofía política que se reclaman explícitamente del feminismo y proceden del ámbito académico británico-estadounidense» (p. 9). Como ben se indica na Introdución, trátase pois dunha escolma de autoras e textos que atende en concreto a tres elementos: a) primar a reflexión teórica e conceptual do feminismo sobre a política; b) textos publicados entre 1983 e 1995 que reflecten a confluencia entre a teoría feminista e a corrente principal da filosofía política; c) ter en conta o contido temático da producción teórica feminista así como tamén as principais correntes nas que se incardinan as diversas autoras. A escolla, xa que logo, ten como resultado o seguinte: Carole Pateman, «Críticas feministas a la dicotomía público/privado»; Christine Di Stefano, «Problemas e incomodidades a propósito de la autonomía: algunas consideraciones desde el feminismo»; Anne Philips, «¿Deben las feministas abandonar la democracia liberal?»; Iris Marion Young, «Vida política y diferencia de grupos: una crítica del ideal de ciudadanía universal»; Susan Moller Okin, «Liberalismo político, justicia y género», e tamén desta mesma autora «Desigualdad de género y diferencias culturales». Marilyn Friedman, «El feminismo y la concepción moderna de la amistad: dislocando la comunidad» e Alison M. Jaggar, «Ética feminista: algunos temas para los años noventa». Atopámonos, pois, con que, áinda con puntos de partida diferentes, ámbolos dous libros constituen unha excelente mostra do quefacer da teoría feminista neste campo, dando boa conta das tendencias e problemas que a caracterizan

nas últimas décadas e facendo disponibles en castelán uns textos significativos, mesmo representativos, o que supón xa por sí un labor encomiable.

A actualidad da discusión arredor da cuestión da ciudadanía está fóra de dúbida, liberais e comunitaristas, o republicanismo cívico ou os partidarios da democracia participativa veñen prestando atención con diversas énfases á construcción da ciudadanía. A teoría feminista, como suliñan Elena Beltrán e Cristina Sánchez, fai unha importante contribución, nomeadamente, á «crítica de la concepción liberal de una ciudadanía universal y a la elaboración de un modelo de ciudadanía y de espacio público que recoge la controversia identidad/diferencia en la elaboración de la identidad de los sujetos» (p. xvii). Mais non só o liberalismo é obxecto de crítica, o republicanismo, o comunitarismo e as teorías da democracia van ser igualmente revisadas. En xeral o que se persegue é revitalizar a esfera pública, acadar os dereitos políticos plenos, pero, sobre todo, evitar que unha vez máis operen os mecanismos de exclusión/invisibilidade das mulleres e, como non, participar no debate actual no que, como asimesmo sinala Carme Castells, as intervencións e posicións da teoría política feminista comezan a ser cada vez más recoñecidas e consideradas polo miúdo por autores relevantes da corrente principal da filosofía política (p. 11). Tanto no que atinxé á ciudadanía como á filosofía política en xeral, a teoría feminista comporta, é así se fai explícito nas páxinas introductorias de ámbolos dous libros, unha reconceptualización, unha reformulación de conceptos e categorías centrais da filosofía política, non limitándose únicamente á relectura dos textos clásicos. E máis, Carme Castells fai unha axeitada proposta de sistematización da teoría política feminista —no contexto anglófono— en función do contido temático e da filosofía política subxacentes. A respecto do primeiro aspecto, sinala catro grandes ámbitos temáticos: a) estudo crítico da obra dos clásicos do pensamento político; b) a crítica e reconceptualización de nocións da filosofía e a teoría políticas pretendidamente universais; c) intervencións explícitas no debate contemporáneo en teoría política; e d) aportacións a elaboración dunha ética feminista (pp. 12-13). En relación co segundo, destácanse tres grandes enfoques na teoría política feminista: a teoría feminista liberal, a teoría feminista marxista e socialista e a teoría feminista radical. Temos, polo tanto, que editoras e compiladora fan un proveitoso esforzo para nos ofreceren unha visión atinada e axustada á realidade e preocupacións da filosofía política feminista.

Non imos entrar aquí a examinar un por un os textos que conforman os dous libros, xa nas respectivas introduccións se acha unha boa presentación dos mesmos, os temas abordados e a diversidade de perspectivas esixen unha maior precisión e detenimento. Agora ben, compre sinalar que no que atinxé a *Las ciudadanas y lo político*, á ciudadanía e ao eixo máis tamén permite achegarse ás discusións que se producen nos últimos anos sobre identidade/diferencia e a construcción do suxeito, ou para ter en conta a práctica dunha política feminista, as políticas concretas ou a configuración do feminismo nos anos noventa. Do mesmo xeito, en *Perspectivas feministas en teoría*

política, combínanse temas clásicos que seguen sendo fundamentais como o de privado/público ou autonomía con outros más recentes como os referidos ás desigualdades de xénero e culturais, ou ao debate esencialismo/antiesencialismo. Ámbolos dous libros, en suma, aportan elementos importantes e amósannos aqueles que están sendo obxecto de estudo ou controversia na reflexión feminista nesta década. Só cabe recomendar a súa lectura e suliñar unha vez máis que estes dous libros constituen unha aportación de inestimable valor e interese para a filosofía política feminista, e como non, para a filosofía política mesma.

M^a Xosé AGRA ROMERO

EXPÓSITO GARCÍA, Mercedes; FERNÁNDEZ BUJÁN, Inés; MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Francisco J.; ÁLVAREZ YÁGUEZ, Jorge, *Historia da Filosofía. Nietzsche. Marx. Marcuse*, A Coruña, Bahía Edicións, 1994.
 FORTES TORRES, Manuel Anxo; VALMASEDA PANTOJA, Fernando; GUERRERO PÉREZ, Rosario; MARIÑO BAAMONDE, Alberto; SANTOS SEDANO, Alfonso C., *Historia da Filosofía. Platón. Tomás de Aquino. Descartes. Kant*, A Coruña, Bahía Edicións, 1996.

Platón, Tomás de Aquino, Descartes, Kant, Marx, Nietzsche e Marcuse son os sete filósofos tratados nestes dous libros de Historia da Filosofía. Ben é certo que son éstes os pensadores que corresponden á selección feita para o C.O.U. e conseguintemente para as Probas de Selectividade, e que iso constitue o soporte, o punto de partida destes traballos. Mais, unha vez dito isto, compre destacar que nos atopamos cuns estudios serios e ben documentados sobre os diferentes filósofos, onde os autores aportan algo más que un mero achegamento ós filósofos. Máis alá dunha exposición sintetizadora, o interese pedagógico deixa ampla cabida para unha suxestiva e actualizada visión duns pensadores tan estudiados como sempre revisitados da Historia da Filosofía. Así pois, aínda que o punto de partida poidera ser claro, a tarefa emprendida non estaba exenta de atrancos e, por suposto, de especialistas e estudiosos. Non obstante, o conxunto dos traballos aquí recollidos son unha mostra do bó facer duns profesores de Filosofía comprometidos coa sú laboura cotidián e co traballo filosófico, rebasando sen problemas os atrancos e os obxectivos más concretos que lle serviron de punto de partida.

O tratamiento xeral dado ós distintos filósofos faíse máis ou menos homoxéneo, anque como é obvio cada autor deixa as súas pegadas particulares, a súa ollada más detida nalgúns aspectos. En todos os estudos preséntase un marco introductorio, referencias á vida e á obra dos pensadores, unha contextualización histórica e consideracións relativas ó marco filosófico, cuestións de interese para unha presentación axeitada de cada un dos filósofos.